

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**8442** *Real decreto 639/2015, do 10 de xullo, polo que se regulan os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada.*

O artigo 34 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, prevé que a formación e o desenvolvemento da competencia técnica dos profesionais sanitarios se deberán orientar á mellora da calidade do Sistema nacional de saúde.

Pola súa parte, a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, regula os aspectos básicos das profesións sanitarias tituladas, no que se refire ao seu exercicio por conta propia ou allea, tanto se a profesión se exerce nos servizos sanitarios públicos como no ámbito da sanidade privada.

No artigo 36 da dita lei recóllense os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada como instrumento para certificar o nivel de formación alcanzado por un profesional nunha área funcional específica dunha determinada profesión ou especialidade, en atención ás actividades de formación continuada acreditada desenvolvidas polo interesado na área funcional correspondente.

O desenvolvemento de novas figuras de recoñecemento da formación continuada dos profesionais sanitarios titulados resulta especialmente pertinente na liña de avanzar na calidade da dita formación, potenciando a relación e coherencia das actividades de formación continuada e configurando programas que fortalezan percorridos ligados ao posto de traballo.

O sistema de acreditación da formación continuada xa foi desenvolvido polo Real decreto 1142/2007, do 31 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias e se regula o sistema de acreditación de formación continuada, norma que integra o desenvolvemento regulamentario do capítulo IV do título II da Lei 44/2003, do 21 de novembro, relativo á formación continuada.

O establecemento agora dun desenvolvemento normativo que permita articular os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada débese valorar como unha significativa oportunidade dirixida a consolidar o valor da formación continuada como elemento de recoñecemento eficaz e sólido que contribúa a reforzar a capacidade do profesional na resolución dos problemas da práctica nunha área funcional determinada.

A Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias, conforme o sinalado no artigo 34.4.e) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, propuxo os procedementos, criterios e requisitos para a acreditación e a acreditación avanzada de profesionais sanitarios, obxecto deste real decreto, despois de recibir informe favorable do Pleno da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde. Na elaboración deste real decreto emitiron informe o Comité Consultivo do Sistema Nacional de Saúde, o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, así como a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións de carácter xeral

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. É obxecto deste real decreto:

a) Regular os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada como instrumentos para certificar o nivel de formación alcanzado por un profesional sanitario nunha área funcional específica dunha determinada profesión ou especialidade, en atención ás actividades de formación continuada acreditadas que desenvolvese o interesado na área funcional correspondente.

b) Determinar os criterios e o procedemento para a creación dos diplomas de acreditación e dos diplomas de acreditación avanzada.

c) Establecer os requisitos e o procedemento para a obtención e a renovación dos diplomas de acreditación e dos diplomas de acreditación avanzada.

2. Este real decreto é aplicable no que se refire ao exercicio profesional, tanto nos servizos sanitarios públicos como privados:

a) Aos profesionais sanitarios con título universitario da rama de Ciencias da Saúde ou con título de especialista en Ciencias da Saúde a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

b) Aos profesionais sanitarios a que se refire a disposición adicional sétima da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Diploma de acreditación: credencial que certifica que o profesional sanitario alcanzou as competencias e os requisitos de formación continuada establecidos nunha área funcional específica para un período determinado de tempo.

b) Diploma de acreditación avanzada: credencial que certifica que o profesional sanitario alcanzou as competencias avanzadas e os requisitos de formación continuada establecidos nunha área funcional específica que admita e requira unha práctica profesional de maior cualificación, para un período determinado de tempo.

c) Área funcional: espazo organizativo profesional que xorde da agrupación de postos de natureza común en canto ao obxectivo de traballo que desenvolvan, á especialización das funcións que teñen atribuídas e ás características das actividades profesionais que se asumen.

d) Actividade de formación continuada acreditada: aquela actividade formativa que ten a credencial dun organismo acreditador recoñecido na cal se certifica o número de créditos concedidos á dita actividade.

#### Artigo 3. *Características xerais dos diplomas de acreditación e dos diplomas de acreditación avanzada.*

1. Os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada expediranos as administracións públicas sanitarias e terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Estes diplomas serán expedidos sempre en castelán, ben que nas comunidades autónomas con lingua cooficial poderán ser expedidos nun único documento redactado en ambas as linguas e con tipo de letra de igual rango.

2. O deseño dos diplomas deberá recoller, ao menos, os seguintes puntos:
  - a) Titulación sanitaria do profesional que a posúe.
  - b) Denominación do diploma de acreditación ou do diploma de acreditación avanzada.
  - c) Identificación do profesional sanitario.
  - d) Período de vixencia do diploma.
3. Os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada terán unha vixencia de cinco anos. Non obstante, a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde (en diante, Comisión de RR.HH.), logo de informe motivado da Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde (en diante, CFC), poderá incluír na proposta de creación dun diploma unha vixencia inferior en atención ás características da área funcional obxecto deste.
4. Os diplomas de acreditación e os diplomas de acreditación avanzada serán de utilización exclusiva polo profesional que os posúa.
5. Estes diplomas non poderán inducir a confusión coa denominación doutros títulos, nin tampouco coas funcións que, recollidas nos programas formativos de cada especialidade e demais normativa de aplicación, corresponda exercer aos titulados especialistas en Ciencias da Saúde.

## CAPÍTULO II

### **Creación dos diplomas de acreditación e dos diplomas de acreditación avanzada**

*Artigo 4. Identificación da necesidade de creación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada.*

Corresponde á CFC a función de identificar a necesidade de creación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada, conforme o disposto no artigo 34.4.a) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e no artigo 4.2.e) do Real decreto 1142/2007, do 31 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias e se regula o sistema de acreditación de formación continuada.

*Artigo 5. Creación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada.*

1. A necesidade de crear un diploma de acreditación ou un diploma de acreditación avanzada deberá vir xustificada por necesidades profesionais, desenvolvementos tecnolóxicos, novas modalidades asistenciais, necesidades organizativas das administracións sanitarias e/ou criterios de calidade asistencial e de seguridade para o paciente.

2. Identificada a necesidade de creación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada, a CFC formulará, de conformidade co previsto no artigo 7.1 do Real decreto 1142/2007, do 31 de agosto, unha proposta de creación do diploma correspondente ao Pleno da Comisión de RR.HH., que a elevará ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (en diante, CISNS) para a súa aprobación, seguindo o establecido nos artigos 38 e 71 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.

3. A proposta da CFC irá acompañada da xustificación da necesidade de crear o diploma de acreditación ou o diploma de acreditación avanzada a que se refire o número 1 e deberá conter, necesariamente, os seguintes aspectos:

- a) O título do diploma de acreditación ou do diploma de acreditación avanzada, delimitando, o máis claramente posible, a área funcional proposta e as competencias que se adquirirán.

b) Os elementos diferenciais da área funcional identificada respecto doutras áreas funcionais xa definidas e, se for o caso, respecto de ámbitos de especialidades e/ou áreas de capacitación específica preexistentes.

c) As profesións sanitarias que poden acceder e obter o diploma de acreditación ou o diploma de acreditación avanzada correspondente.

d) Unha descrición detallada e ordenada dos dominios competenciais específicos para o desempeño na área funcional correspondente e, no caso de que os houber, dos procedementos ou técnicas propias da área funcional.

e) Os requisitos para a súa obtención, programa e/ou contidos, vixencia do diploma, así como o procedemento e os requisitos para a súa renovación, o que incluírá, no suposto previsto no artigo 28.8.f) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, o informe preceptivo que, se for o caso, deba emitir a Comisión nacional da especialidade correspondente.

Respectando o anterior, a proposta da CFC tamén poderá incorporar as seguintes consideracións ou variables: número de profesionais que afecta e, sempre que sexa posible, desagregación por sexo; frecuencia de patoloxías, procesos ou procedementos que acontecen na área funcional que afecta; alcance en materia de risco-seguridade do paciente; complexidade da atención, e custo dos procesos.

*Artigo 6. Publicación do acordo de creación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada.*

A creación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada acordada polo CISNS será publicada no «Boletín Oficial del Estado» mediante orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

### CAPÍTULO III

#### **Obtención e renovación dos diplomas de acreditación e dos diplomas de acreditación avanzada**

*Artigo 7. Requisitos para a obtención e renovación dos diplomas de acreditación.*

1. Os requisitos para a obtención e renovación dun diploma de acreditación, que se exixirán de forma alternativa ou de forma acumulativa segundo se determine no acordo de creación deste, serán os seguintes:

a) Acreditar, nos últimos dez anos, un mínimo de dous anos de práctica profesional no conxunto de tarefas incluídas nas competencias obxecto de acreditación, dentro da actividade do seu posto de traballo, con avaliación do desempeño positiva así certificada no Sistema nacional de saúde pola institución sanitaria ou sociedade científica correspondente conforme as súas normas de procedemento. Igualmente, valorarase o desempeño en institucións sanitarias internacionais.

A dita certificación especificará as datas en que o profesional desempeñou satisfactoriamente as competencias obxecto de acreditación.

b) Achegar evidencias de adquisición, nos últimos cinco anos, das competencias definidas no diploma de acreditación mediante diferentes accións formativas acreditadas e especificamente relacionadas cos coñecementos, habilidades e actitudes descritas no cadro de competencias que se exixan para a obtención do dito diploma.

c) Achegar aqueloutras evidencias que determine cada comunidade autónoma en canto á adquisición, nos últimos cinco anos, das competencias definidas no diploma de acreditación a propósito do desempeño e desenvolvemento profesional en relación con estadias formativas, docencia, titorías, relatorios, teses e/ou proxectos de investigación.

*Artigo 8. Requisitos para a obtención e renovación dos diplomas de acreditación avanzada.*

Os requisitos para a obtención e renovación dun diploma de acreditación avanzada, que se exirán de forma alternativa ou de forma acumulativa segundo se determine no acordo de creación deste, serán os seguintes:

a) Acreditar, nos últimos cinco anos, un mínimo de tres anos de práctica profesional co diploma de acreditación nesa área funcional e con avaliación do desempeño positiva así certificada no Sistema nacional de saúde pola institución sanitaria ou sociedade científica correspondente conforme as súas normas de procedemento. Igualmente, valorarase o desempeño en institucións sanitarias internacionais.

A dita certificación especificará as datas en que o profesional desempeñou satisfactoriamente as competencias obxecto de acreditación.

De non existir un diploma de acreditación nesa área funcional, o requisito de práctica profesional por un mínimo de tres anos, nos últimos cinco, serao no conxunto de tarefas incluídas nas competencias obxecto de acreditación avanzada.

b) Achegar evidencias de adquisición, nos últimos cinco anos, das competencias definidas no diploma de acreditación avanzada mediante diferentes accións formativas acreditadas e especificamente relacionadas cos coñecementos, habilidades e actitudes descritas nas competencias do dito diploma.

c) Achegar aquelas outras evidencias que determine cada comunidade autónoma en canto á adquisición, nos últimos cinco anos, das competencias definidas no diploma de acreditación avanzada a propósito do desempeño e desenvolvemento profesional en relación con estadias formativas, docencia, titorías, relatorios, teses e/ou proxectos de investigación.

*Artigo 9. Procedemento para a obtención dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada.*

A solicitude para a obtención dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada tramitarase no ámbito do correspondente servizo de saúde onde o interesado exerza a súa profesión e conforme o procedemento establecido pola Administración competente.

A solicitude deberá ir acompañada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos que, para a obtención do diploma, se establezan no acordo de creación deste.

*Artigo 10. Procedemento para a renovación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada.*

1. A solicitude para a renovación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada, que se deberá presentar dentro dos tres meses inmediatamente anteriores á data final de vixencia do diploma, tramitarase no ámbito do correspondente servizo de saúde onde o interesado exerza a súa profesión e conforme o procedemento establecido pola Administración competente.

A solicitude de renovación deberá ir acompañada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos que, para a renovación do diploma, se establezan no acordo de creación deste.

2. A presentación dunha solicitude de renovación dun diploma de acreditación ou dun diploma de acreditación avanzada suporá a prórroga da súa vixencia mentres non se resolva o correspondente procedemento.

*Artigo 11. Incorporación dos diplomas de acreditación e dos diplomas de acreditación avanzada no Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.*

De conformidade co previsto na letra k) do artigo 5 do Real decreto 640/2014, do 25 de xullo, polo que se regula o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, os diplomas de

acreditación e os diplomas de acreditación avanzada que teñan os profesionais sanitarios incorporaranse ao citado rexistro.

Disposición adicional primeira. *Profesionais sanitarios que desempeñen a súa actividade no ámbito territorial das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

No caso dos profesionais sanitarios que desempeñen a súa actividade en centros e institucións dependentes do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, será este organismo o que exerza as competencias que, segundo este real decreto, corresponden ás administracións públicas sanitarias.

Para o resto de profesionais sanitarios que desempeñen a súa actividade neste ámbito territorial, as ditas competencias serán exercidas polo órgano administrativo que corresponda en cada unha das cidades autónomas.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional terceira. *Méritos que hai que acreditar en procesos de provisión de postos de traballo.*

Unha vez creado un diploma de acreditación ou un diploma de acreditación avanzada e coa finalidade de contribuír a incrementar as garantías de seguridade na asistencia prestada aos pacientes, poderase prever a súa achega como mérito profesional para o acceso a determinados postos de traballo.

A Comisión de RR.HH. do CISNS acordará, por proposta das administracións sanitarias das comunidades autónomas ou do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a relación de diplomas de acreditación e de diplomas de acreditación avanzada cuxa achega poida ser prevista como mérito profesional pola normativa correspondente nos sistemas de provisión de prazas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase con base nas competencias que atribúen ao Estado o artigo 149.1.1.<sup>ª</sup> da Constitución española, sobre regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e o artigo 149.1.16.<sup>ª</sup>, en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,  
ALFONSO ALONSO ARANEGUI